

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

ORDE do 29 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT104B).

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establece no seu artigo 96.7 que, cando como requisito previo para a realización de calquera tipo de obra que afecte un monumento, conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacemento declarado de interese cultural ou catalogado, a consellería competente en materia de patrimonio cultural ou a figura de planeamento vixente determinen a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, a citada consellería poderá colaborar, se a persoa ou entidade promotora é un particular, mediante subvencións anuais en función das dispoñibilidades orzamentarias, no financiamento do custo da execución do proxecto da actividade arqueolóxica autorizada, sen que en ningún caso esta colaboración poida exceder a metade do seu importe.

Así mesmo, no artigo 63 da anterior Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, establecíase que, cando como requisito previo para a realización de calquera tipo de obra que afecte un conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, a Consellería de Cultura, ou a figura de planeamento vixente, determine a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, a Consellería colaborará no financiamento do custo da execución do proxecto, se se trata dunha promotora particular.

A previsión contida na Lei do patrimonio cultural de Galicia constitúe, como subvención prevista nunha norma con rango de lei, un mandato á Administración autonómica para levar a cabo a convocatoria das axudas.

A axuda prevista na Lei do patrimonio cultural de Galicia contén elementos regrados como as actividades que serán obxecto de financiamento e as persoas beneficiarias, pero non concreta outros elementos que quedan á discrecionalidade administrativa.

A concorrencia de requisitos non regrados impide que a previsión legal xere, por si soa, un dereito subxectivo fronte á Administración para o outorgamento da axuda.

Porén, a previsión legal vincula a Administración pública no senso de verse obrigada a convocar as referidas axudas.



Nese acto de convocatoria e na aprobación das bases será cando os elementos discrecionais se convertan en regrados e os solicitantes que cumpran cos requisitos sinalados adquiran un dereito subxectivo fronte á Administración para a obtención da axuda.

Polo tanto, esta orde ten por obxecto cumprir co mandato contido na Lei do patrimonio cultural de Galicia permitindo que, respecto aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, todos aqueles que cumpran os requisitos exixidos pola Lei do patrimonio cultural de Galicia para ser persoas beneficiarias e cos demais requisitos fixados na convocatoria e nas bases reguladoras, obteñan a colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ata o límite do crédito orzamentario do que dispón para dar cumprimento ás obrigas derivadas da concesión da axuda.

Nesta convocatoria a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude empregará a totalidade dos créditos orzamentarios dos que dispón para o financiamento destas actuacións, de xeito tal que, a participación neste proceso de concorrencia sen prelación entre as solicitudes, é o único mecanismo do cal poderá servirse a consellería dentro dos seus límites orzamentarios para dar cumprimento á colaboración prevista na lei e, polo tanto, todos aqueles que desexen obter a colaboración da consellería deben concorrer ao proceso mediante a presentación das solicitudes de conformidade co sinalado no texto da presente orde.

Hoxe en día, un gran número destas intervencións arqueolóxicas desenvólvense no ámbito urbano, nos conxuntos históricos da Comunidade Autónoma declarados ben de interese cultural, onde a declaración afecta tanto o solo coma o subsolo, polo interese histórico e arqueolóxico destas áreas, e onde gran parte da evolución histórica deses asentamentos está nese subsolo susceptible de ser estudado con método arqueolóxico; e no medio rural no contorno dos bens inventariados.

A execución dun proxecto arqueolóxico, pola singularidade dos bens sobre os cales se actúa, require, de acordo co disposto nos artigos 96 e 97 da citada Lei 5/2016, e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, a presentación e a autorización previa dun proxecto arqueolóxico, así como a entrega dunha memoria con posterioridade ao remate da actividade na cal se reflecta o desenvolvemento e os resultados destes traballos arqueolóxicos.



Conscientes de que a elaboración das memorias cos resultados destes traballos arqueolóxicos, que unha vez presentadas quedan á disposición do público en xeral co fin de facilitar outros estudos e investigacións, repercute de xeito directo sobre a execución dos proxectos promovidos polos particulares, e de que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude debe fomentar o estudo e a difusión deste patrimonio arqueolóxico, é polo que se entende que a colaboración cos promotores particulares debe ter en conta que se cumpran todas as obrigas da autorización arqueolóxica concedida, como é a entrega da memoria cos resultados da actuación e o depósito dos materiais arqueolóxicos.

Á vista do exposto, e para os efectos de cumprir co establecido no artigo 96.7 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, en uso das facultades que teño atribuídas, en virtude do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto da presente orde é establecer as bases reguladoras e convocar a concesión de axudas, polo procedemento abreviado de concorrencia non competitiva, aos promotores particulares de calquera tipo de obras que afecten un monumento, conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, nos casos en que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ou a figura de planeamento vixente determine a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas, en concepto de colaboración no financiamento do custo da execución do proxecto arqueolóxico realizado de acordo cos requisitos establecidos nos artigos 96 e 97 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Ao abeiro do artigo 19.2 da Lei de subvencións de Galicia, non será necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da citada lei.

2. Para os efectos da presente orde considéranse custos de execución do proxecto arqueolóxico os custos financiados polo promotora que figuren nos orzamentos dos proxectos arqueolóxicos autorizados polo titular da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



Os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

3. Esta convocatoria, para os efectos da súa identificación e acceso por parte das persoas interesadas, na sede electrónica da Xunta de Galicia, aos formularios de inicio, denomínase «axudas para intervencións arqueolóxicas en conxuntos históricos, zonas arqueolóxicas ou xacementos catalogados ou inventariados», co código de procedemento CT104B.

Artigo 2. *Actuacións subvencionables e excluídas*

1. Quedan comprendidas no ámbito da presente orde as intervencións arqueolóxicas enunciadas no artigo 95 da citada Lei 5/2016, debidamente autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

2. Quedan excluídas:

a) As actividades arqueolóxicas promovidas por particulares derivadas das medidas protectoras, correctoras e compensatorias establecidas nos plans, programas e proxectos con incidencia sobre o territorio, así como as incluídas nos procedementos de avaliación ambiental, establecidas en virtude do disposto no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

b) As actuacións que, na data de publicación desta orde, xa foron obxecto de indemnización pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude por sentenza xudicial, ou subvencionadas en anteriores convocatorias pola presentación e a entrega das correspondentes memorias técnicas e da acta de depósito dos materiais.

c) As intervencións arqueolóxicas respecto daquelas obras obxecto de sanción en materia do patrimonio cultural, ou que deriven da tramitación ou resolución dun procedemento sancionador.

d) E, en todo caso, se o promotora da obra é unha Administración pública ou concesionario ou se os bens inmoables obxecto da actuación son públicos.



Artigo 3. Financiamento e contía global das axudas

1. A contía global destinada ás axudas reguladas nesta orde ascende a cincuenta mil euros (50.000,00) e imputaranse aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 coa seguinte distribución por aplicacións orzamentarias:

10.05.433A.770.0: 25.000,00 €.

10.05.433A.781.2: 25.000,00 €.

2. Esta contía poderá ser ampliada nos termos previstos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, sen que isto dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

Artigo 4. Normativa aplicable

A tramitación de solicitudes e a concesión destas axudas axustarase ao disposto na presente orde; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; nos preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e demais normativa de aplicación.

Artigo 5. Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas os empresarios (persoas físicas ou xurídicas) e as persoas físicas e xurídicas sen ánimo de lucro que promovesen as intervencións arqueolóxicas comprendidas no ámbito da presente orde, desenvoltas en bens inmobles de titularidade privada, sempre que non se atopen en ningún dos supostos dos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia, e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que as actuacións arqueolóxicas estean autorizadas e fosen realizadas desde o ano 2017 en diante e estean finalizadas na data de publicación desta orde.

b) Que as actuacións se desenvolvesen conforme os proxectos arqueolóxicos presentados e se cumprisen as obrigas de responsabilidade da dirección, de acordo co estableci-



do no Decreto 199/1997, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que se acredite a presentación e a entrega dos correspondentes informes valorativos ou das memorias técnicas e da acta de depósito dos materiais de acordo co citado Decreto 199/1997.

Artigo 6. *Axudas*

1. As axudas consistirán nunha subvención que se percibirá por unha soa vez por persoa beneficiaria e obra, polas seguintes contías:

– O 50 % dos custos da execución do proxecto arqueolóxico autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e co límite de 20.000,00 € por proxecto, no caso de que se acredite a presentación e a entrega das correspondentes memorias técnicas e da acta de depósito dos materiais. Esta porcentaxe será do 30 %, co límite de 12.000,00 €, no caso de que a actuación realizada xa fose subvencionada en anteriores convocatorias co 20 % dos custos por ter entregado o informe valorativo a que se refire o parágrafo seguinte.

– O 20 % dos custos da execución do proxecto arqueolóxico autorizado, e co límite de 8.000,00 €, no caso da presentación e a entrega tan só dos correspondentes informes valorativos.

2. O importe das subvencións percibidas para cada intervención arqueolóxica non poderá ser, en ningún caso, de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 7. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colexiación obrigatoria, persoas traballadoras autónomas, e as persoas representantes dunha das anteriores.



De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Prazo*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude do modelo normalizado que figura no anexo I da presente orde, a seguinte documentación:

- No caso de que actúe por medio de representante, deberá acreditarse a representación por un medio válido en dereito.
- No caso de que o solicitante sexa persoa xurídica, documentos acreditativos da súa personalidade mediante copia dos estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro mercantil ou o que corresponda.



– Copia das facturas, ou documentos equivalentes, dos custos pagados pola execución do proxecto arqueolóxico, que figuren no orzamento do proxecto arqueolóxico autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

– Copia dos xustificantes de ter pagado as facturas:

– O pagamento das facturas deberá ter sido efectuado por medios bancarios, mediante cheque ou transferencia bancaria e acreditarase mediante extractos ou certificacións bancarias.

– Cando o importe das facturas sexa inferior a 1.000,00 €, poderase acreditar mediante recibo do provedor no cal figure identificado este co seu nome, número de documento nacional de identidade e importe e data de pagamento.

– O informe valorativo ou a memoria técnica da intervención arqueolóxica e a acta de depósito dos materiais arqueolóxicos establecidas no Decreto 199/1997, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, de non estaren presentadas con anterioridade.

2. No caso de que nun mesmo inmovible e polo mesmo promotor se realizasen varias actuacións arqueolóxicas autorizadas, estas presentaranse nunha única solicitude especificándolas na solicitude, á cal se xuntará a documentación acreditativa dos custos orixinados por cada unha delas de xeito inequívoco.

3. A presentación de solicitudes pola persoa interesada implicará a aceptación íntegra do establecido nas bases reguladoras fixadas na orde da convocatoria, así como dos requisitos e as obrigas que nelas se fixan.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.



De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

5. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

– DNI ou NIE da persoa solicitante para o caso das persoas físicas.



- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante.
- NIF da entidade representante.
- Alta no imposto de actividades económicas.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesión de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 12. Tramitación, resolución e recursos

1. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como órgano instructor da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, examinará as solicitudes presentadas e a documentación achegada. No suposto de que as solicitudes non cumpran os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación conteña erros ou sexa insuficiente, a unidade administrativa encargada da tramitación dos expedientes requirirá as persoas interesadas para que, no prazo de dez (10) días, acheguen os documentos preceptivos que emenden os erros detectados, coa indicación de que, se así non o fixesen, se terán por desistidos da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. A tramitación e a resolución das solicitudes presentadas efectuarase por rigorosa orde de entrada das solicitudes do xeito previsto no artigo 7. Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural elaborará unha listaxe de todas as solicitudes presentadas, asignándolles un número correlativo, segundo a data e a hora da presentación da solicitude.

3. Logo de revisar e ordenar a documentación e completala, se é o caso, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural elaborará a proposta de concesión ou a denegación das axudas, que será elevada ao titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, que resolverá sobre a concesión ou a denegación das axudas no prazo máximo de cinco meses desde que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano administrativo competente para resolver.

No suposto de que o número de solicitudes presentadas que cumpran coas condicións administrativas e técnicas establecidas nesta orde para adquirir a condición de persoa beneficiaria, supoña o esgotamento da contía máxima fixada, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude acordará a inadmisión de posteriores solicitudes e publicarao no DOG e na páxina web.

4. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude resolverá o procedemento de concesión no prazo de quince (15) días desde a data da proposta de resolución. O procedemento e o contido da resolución axustarase ao artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A resolución de concesión ou de denegación da axuda notificaráselles ás persoas interesadas e terá que ser motivada.

5. A resolución de concesión ou de denegación da axuda pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano



que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados de igual modo.

6. De non notificarse resolución no prazo indicado, entenderase desestimada a solicitude correspondente, e poderá interpoñerse o recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude en calquera momento, desde o día seguinte a aquel en que se entenda denegada a axuda.

Artigo 13. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario de inicio. No caso de optar pola notificación en papel efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, enten-



derase rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica no fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Aceptación das axudas*

Logo de que o órgano competente notifique a resolución definitiva, as persoas interesadas propostas como persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación, transcurrido este sen que se produza a manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 15. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. Ademais das obrigas xerais establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, para a percepción das axudas públicas, as persoas beneficiarias están obrigados a facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa de revogación da subvención ou de reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de mora correspondentes.

3. As persoas beneficiarias deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 16. *Pagamento*

Unha vez concedida e aceptada a axuda, a cantidade adxudicada librarase de acordo co establecido na normativa orzamentaria que sexa aplicable.

Con carácter previo ao pagamento, a persoa beneficiaria da axuda deberá presentar unha declaración complementaria actualizada do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das



distintas administracións públicas ou das entidades vinculadas ou dependentes (anexo II). O prazo máximo para a presentación desta declaración remata o 30 de outubro de 2024.

Transcorrido este prazo sen que a persoa beneficiaria da axuda tivese presentada a documentación xustificativa, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural requiriraa para que, no prazo improrrogable de dez (10) días, a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, nos termos previstos no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 17. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, se é o caso, á súa revogación.

Artigo 18. *Reintegro*

Procederá o reintegro total ou parcial da axuda percibida e a exixencia dos xuros de mora nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 19. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvención están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculados, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 20. *Publicación dos actos*

1. Publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, un extracto da resolución de concesión que deberá conter indica-



ción da norma reguladora, as persoas beneficiarias, do crédito orzamentario, da cantidade concedida e da finalidade da axuda.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, <https://www.xunta.gal/cultura-lingua-xuventude>

2. Transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional primeira

Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración estatal e autonómica, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá realizar as comprobacións e as verificacións que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Disposición adicional segunda

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá requirir en todo momento a documentación que considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exigidas nesta orde.

Disposición adicional terceira

As persoas beneficiarias das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o titular da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para ditar as resolucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude



PROCEDEMENTO AXUDAS PARA INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN CONXUNTOS HISTÓRICOS, ZONAS ARQUEOLÓXICAS OU XACEMENTOS CATALOGADOS OU INVENTARIADOS	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT104B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF			
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA			LUGAR				
<input type="text"/>			<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). ó se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.					
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA			LUGAR		
<input type="text"/>			<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>



DATOS DAS INTERVENCIÓNS SUBVENCIONABLES

INMOBLE/OBRA

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PROXECTO AUTORIZADO	CÓDIGO	DATA AUTORIZACIÓN	ORZAMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/> Copia das facturas ou documentos equivalentes, dos custos de execución de acordo co orzamento do proxecto arqueolóxico autorizado.			
<input type="checkbox"/> Copia dos xustificantes de ter pagado as facturas.			
<input type="checkbox"/> Informe valorativo da intervención arqueolóxica.			
<input type="checkbox"/> Memoria técnica da intervención arqueolóxica.			
<input type="checkbox"/> Acta de depósito dos materiais arqueolóxicos.			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación da persoa solicitante.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Se a persoa solicitante é persoa xurídica, copia dos estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro mercantil ou o que corresponda.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesión de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Alta no imposto de actividades económicas	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 29 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT104B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



DECLARACIÓN DE AXUDAS

CT104B - AXUDAS PARA INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN CONXUNTOS HISTÓRICOS, ZONAS ARQUEOLÓXICAS OU XACEMENTOS CATALOGADOS OU INVENTARIADOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 